DE MONTILLÓN A MONTEVIDEO, A VIDA DE TANGO DO ESTRADENSE XOSÉ SILVA

Dentro das actividades programadas para Educación Infantil no Proxecto de Centro "A Estrada, un mundo por descubrir", deseñamos unha secuencia didáctica que tivo como centro articulador a figura de Xosé María Silva, un emigrante da Estrada que marchou de neno ao Uruguay e alí desenvolveu unha profesión que o faría famoso en todo o mundo. As primeiras referencias a este home as atopamos no tomo III (ou Rolda terceira) de *Crónicas galegas de América*. Edicións do Castro, 2001. Páx. 9, de Xosé Neira Vilas, e a partir desta referencia seguimos a información publicada por Ismael González no libro El fotógrafo de Gardel. A vida deste home nos permitía tocar outros aspectos que nos pareceron idóneos e motivadores para os nenos de infantil:

-Dende a súa situación de partida:

- Nun mapa da Estrada situamos San Andrés de Souto e a aldea de Montillón de Arriba. Fixemos o percorrido dende O Foxo ata Montillón.
- Puidemos observar un mapa mundi e ver o camiño percorrido por Silva na súa viaxe cara América.
- Falamos sobre a emigración, se coñecían a persoas que viñeran nos veráns a Galicia. Algún tiñan primos, avós, tamén Begoña lles aportou a súa experiencia persoal como filla de emigrados a México.
- Falamos das diferenzas entre as grandes urbes e os pequenos pobos como Montillón. Intentamos poñernos no lugar dun neno de seis anos, recén saído do seu pobo e chegado a unha cidade como Montevideo.

-Dende a súa situación de crecemento persoal e profesional, aprendizaxe:

- Coñecemos a profesión de fotógrafo, como aprendeu, como chegou a dominar a profesión e a establecerse por si mesmo.
- Analizamos a historia da fotografía a través dos cambios nas máquinas de sacar fotos, dende as primeiras cámaras xigantescas coma habitacións, ata a actualidade que se poden sacar fotos ata cun teléfono móbil.
- Analizamos as súas fotos máis famosas, ¿por que levan firma?, son obras de arte como os cadros de pintura.
- Grazas ás fotos de Erick Johansson puidemos introducir un aspecto que nos interesaba especialmente: o feito da posibilidade de enganar coa imaxe. Quixemos encomezar unha alfabetización que cremos necesaria no mundo icónico ao que se enfrontan os nenos. Hai que saber ler as imaxes, descubrir as posibilidades de ocultación e de recreación que se poden utilizar para

enviar unha mensaxe cunha imaxe. Advertir e propiciar a crítica e a non aceptación simple de todo o que se nos pon diante dos ollos.

- Convertémonos en fotógrafos e fotógrafas. Puxemos á súa disposición sombreiros, disfraces, para que se caracterizaran ao seu gusto. Despois foron retratados por todos os seus compañeiros. De cada neno se fixeron aproximadamente 14 fotografías. Unha vez rematada a sesión de fotografía veu a tarefa de selección. Cada un escolleu a que máis lle gustaba de todas as que lle sacaron os compañeiros, e unha vez escollida a súa favorita veu o traballo de modificación. Cada neno de xeito individual transformou utilizando Picassa a súa fotografía ata conseguir o resultado que preferiu.
- Ideamos unha firma. Con plastilina cada neno creou a firma que levarían as fotografías, tendo en conta o estilo de Silva. Elixíronse dúas firmas e puxéronse nas fotografías.

-Dende o seu entorno vital, persoas que se cruzaron na súa vida e que o converteron no que foi:

- Por que é tan famoso Silva, que teñen de importante esas fotos?
- Vemos bailar un tango a Aoniken Quiroga. Falamos do tango, de si o coñecían, si lles gusta e si lles gustaría bailalo.
- Escoitamos "Cambalache" cantado por Carlos Gardel. Cambiamos a letra deste tango para que falara da historia de D. José María Silva. A segunda parte deste tango contén unha comparación entre a vida das persoas que saen á emigración e a vida dos salmóns que fixo Xosé Neira Vilas aplicándoa a súa propia experiencia vital.

A partir de aquí:

Esperamos poder utilizar as fotografías dos nenos nunha experiencia de mail art, unha experiencia de creatividade que utiliza como soporte de expresión a carta, a postal, o material creado para transmitir unha mensaxe e que percorre de xeito físico e material un espazo e un tempo cheo de referencias e posibilidades. Na actualidade o feito de mandar cartas é algo xa case esquecido, doutro tempo, xa poucas recibimos, e habitualmente as que chegan ao noso buzón son, de cotío, pouco agradables. Esta idea pretende recuperar o costume de enviar cartas, de mandar postais, introducindo un obxectivo de **creación, aprendizaxe, autoafirmación e relación**.

Os alumnos crearon fermosas postais cos seus retratos automodificados, introduciremos unha mensaxe , e buscaremos un destinatario...

O **alumno aprende** os requerimentos dun envío postal, a situar a dirección, o selo, o debuxo, pero ademais **o alumno afirma** a súa persoa, se converte nun emisor dunha mensaxe que vai chegar a outra persoa, e que ao tempo vai pasar por mans

e espazos que nin sequera podemos imaxinar. A creación do neno se vai converter nunha exhibición estética con límites imprecisos. Poderemos alegrar de forma inconsciente a vista de persoas non determinadas previamente. Os retratos dos alumnos percorren un camiño marcado a través de mans anónimas que teñen a súa vista as reflexións dun ser que lle amosa unha realidade sen trabas, non levan sobre, están para ser miradas, e nunca saberemos cantos ollos e espíritos alegraron antes de chegar ao seu destino.

CAMBALACHEAMOS UN TANGO PARA CONTAR A VIDA DE JOSÉ MARÍA SILVA	
Os nenos estivemos a falar de emigración, marcharon un montón de xente a traballar. Saíron da súa Terra para poder mellorar, chegaron a ultramar podémosche contar: A historia dun veciño desta terra chamábase Silva, marchou con seis anos, de Montillón ate Montevideo traballando arreo puido triunfar. Foron anos de traballo, noite e día sen parar, a súa nai de costureira el reparte o material Con Don Eloy encomezou a facer fotos e aí destacou, moito aprendeu e practicou e converteuno nunha profesión. Sacou fotos dos artistas máis famosos do Uruguay entre eles destacaba un cantante arxentino que non se puido olvidar.	No Foxo estudamos cousas da nosa rexión, as árbores, os ríos, a nosa tradición. Falamos de Sobreiras de parroquias, de cancións tamén dos que marcharon ao mar como o salmón. Do Umia para crecer noutras terras como fixo Silva con solo seis anos, de Montillón ate Montevideo traballando arreo puido triunfar. Foron anos de traballo noite e día sen parar, foi con dezanove anos “Foto Silva” do Uruguay. Todo salmón quere volver ó río onde nadou unha vez, se non volveu, non olvidou, a súa casa chamou Montillón. Se escoitas este tango, poderás recoñecer, que o que cantou Cambalache e que fotografou Silva foi o gran Carlos Gardel!!!

http://prezi.com/nii-lud8p5z5/?utm_campaign=share&utm_medium=copy

Dirección da presentación con vídeos utilizada na aula e aos que se fai referencia neste documento.

Tango Cambalache: http://www.ivoox.com/tango-cambalache-audios-mp3_rf_2817550_1.html

Se chegamos a grabar o tango cos rapaces podemos incluir un qr para escoitalo.